

Acta:

Sesión constitutiva do Consello Municipal de Igualdade

Ás **doce horas e dezasete** minutos do día **11 de marzo de 2019**, reúnen, no Salón Dourado do palacio municipal de María Pita as seguintes persoas:

Xulio Ferreiro Baamonde, Santiago Vázquez Calvete, Rocío Fraga Sáenz, Mariel Padín, José Manuel Dapena, Avia Veira, Martín Vázquez Añel, Susana Vara (Consello Municipal de Educación), Bibiana Varela (ASEDUC), María José Otero (Fundación Juan Soñador), Ana Isabel Ulloa (Asociación de Empresarias), Laura Cerviño (Cruz Vermella), Susana Milnes (Les Coruña), María Vázquez (Plataforma Feminista Galega), Tensi Álvarez (Comisións Obreiras), Pablo Andrade (Asociación Galega para a Saúde Sexual), Pedro Roque (Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana), Carmen García e Irene Varela García (Asociación Antonio Noche), Rosa Otero (Asociación de Amas de Casa)

coa seguinte **orde do día**:

1. Constitución do Consello. Proposta da Presidencia de integración no Consello das persoas ou colectivos de especial relevancia social no ámbito da igualdade de xénero que solicitaron a súa participación.
2. Delegación da Presidencia do Consello
3. Comunicación das propostas sobre o borrador de Ordenanza de Igualdade recibidas.

O presidente cédelle a palabra ao secretario que, tras acreditar a presenza do quorum establecido no artigo 10. 2 das normas reguladoras, declara, coa autorización do presidente, constituído o Consello Municipal de Igualdade.

O secretario le a orde do día e cédelle a palabra ao presidente que indica que constituímos o Consello o día despois dunha fin de semana terrible en canto a violencia de xénero, como vemos tamén nos minutos de silencio que se gardan nos plenos. Moitos minutos que dan para pensar moito. Isto vén a ratificar que as políticas de igualdade, traballar na igualdade é máis necesario que nunca. No Consello falarase de moitas máis cousas que da violencia de xénero, pero esta é a manifestación máis brutal da desigualdade e, lamentablemente, demasiado estendida por toda a sociedade e que non podemos illar nun elemento social ou cultural determinado. A loita contra as violencias machistas vai ser unha prioridade neste Consello Municipal de Igualdade como é unha prioridade de calquera administración cun mínimo de responsabilidade e de sentido común, que ten que implicar non só a toda a administración senon a todos os departamentos de todas as administracións pola propia transversalidade. A loita contra a violencia de xénero non é a loita contra unha manifestación en concreto senon contra o que é unha hexemonía do heteropatriarcado e que vai deixando o seu rastro por todos os lugares da nosa sociedade.

Para a loita contra as violencias, os recursos son fundamentais e esta tamén é unha das ideas da constitución do Consello Municipal de Igualdade. Esta constitución, vai ligada aos actos incluídos na conmemoración do 8 de marzo, día da muller traballadora e a inauguración da III edición da escola de empoderamento feminista. Se trata de construír e ir recuperando espazos de visibilidade para a igualdade. Pero isto só se pode facer desde a colaboración coas entidades cidadás. Entidades que levan facendo este traballo moitos anos e que necesitan espazos como o do Consello de Igualdade como foro de discusión e de posta en común e intercambio de experiencias, discusión de políticas e

medidas que é fundamental para achegarnos máis a esa cidade igualitaria, acolledora, comprometida e feminista que queremos ser.

Nace o Consello desde a proximidade para consolidar esa transversalidade das políticas de xénero, coa vocación de fomentar o debate, a participación e poñer acción en marcha que melloren a calidade de vida da veciñanza. Nace da man das entidades convidadas a formar parte do Consello, ademais de todos os grupos políticos do Concello aos que o alcalde agradece que se queiran sumar a este Consello.

O primeiro cometido é poñer enriba da mesa o borrador de ordenanza para a igualdade na diversidade do Concello da Coruña, con achegas dalgunha entidade que xa se poderán discutir. O obxectivo desta ordenanza é introducir a perspectiva de xénero en toda a actividade municipal, desde a actividade orzamentaria ata as políticas públicas, nese intento de transversalizar a igualdade e que impregne toda a actividade municipal.

O presidente do Consello agradece a presenza do todas as persoas que asistiron a este acto. Cre que a constitución deste consello é unha boa nova que transmitimos á cidade. Os retos son moitos e só se poden asumir en común porque a loita contra a cultura patriarcal só podemos levala adiante desde a cooperación entre todas e entre todos. Vímolos nas rúas o día 8 e vémolos hoxe na constitución deste Consello Municipal de Igualdade.

Remata delegando a presidencia do Consello na concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, a quen cede a palabra.

Rocío Fraga súmase ás palabras de agradecemento para as persoas que acudiron á constitución do Consello, construíndo estruturas que quedan feitas para que se manteña a aposta polas políticas de igualdade. A continuación, cede a palabra ao secretario.

O secretario explica que forman parte do Consello como vogalías dúas clases de entidades. En primeiro lugar, as previstas no artigo 7 das normas de creación: entidades cidadás cuxo obxecto social, finalidade ou actividades estean relacionadas coa igualdade de xénero ou a diversidade afectivo sexual, que son ás que nos diriximos neste momento constitutivo e para as que fixemos o esforzo de que se sumasen.

Hai outro bloque de entidades, as previstas no artigo 8, que tamén traballan pola igualdade e a Diversidade afectivo sexual, pero que este traballo non vén incluído expresamente no seu obxecto social e que poden formar parte do Consello se o solicitan e cumpren os requisitos que este artigo sinala, os mesmos que os do artigo 7 e, ademais, unha memoria que acredite a súa traxectoria e que os obxectivos da entidade son acordes cos fins do Consello. Polo tanto, propónse ao Consello se se fai esa captación de entidades. A proposta é aprobada por unanimidade.

O secretario solicita tamén a axuda das persoas presentes na captación destas entidades.

Pásase ao seguinte punto da orde do día a comunicación das propostas recibidas sobre o borrador da ordenanza de igualdade do Concello da Coruña. O secretario cede a palabra á presidenta para explicar someramente o contido da ordenanza.

Rocío Fraga indica que a idea da existencia e da convocatoria deste Consello é facelo partícipe da elaboración do texto de ordenanza que a Concellaría leva tempo traballando, cun procedemento xa

iniciado coa comunicación previa a través da web da Concellaría previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 á cidadanía e aos diversos colectivos para a que non se recibiu ningunha achega.

Elaborouse o borrador que se fixo chegar ás persoas integrantes do Consello, tamén para facer achegas.

A ordenanza está ditada en virtude da potestade regulamentaria que ostenta o Concello como o documento normativo básico para a intervención do goberno local na igualdade, elevándoa a compromiso do goberno na busca dunha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria e, ao mesmo tempo, complexa e diversa, tanto de cara á cidadanía como na súa actividade cotiá.

Introduce a transversalidade, define a organización municipal en materia de igualdade, tanto a través de órganos concretos como transversais, entre os que figura o propio Consello Municipal de Igualdade. A instrución de transversalidade é a orixe destas medidas.

A ordenanza inclúe tamén o compromiso de elaboración dun plan de igualdade e o compromiso de traballar desde a igualdade na xestión do persoal municipal. Dedicar un capítulo exclusivo á loita contra as violencias machistas. O empoderamento das mulleres, a corresponsabilidade e o uso non sexista da linguaxe son elementos regulados tamén pola ordenanza. Pretende analizar o impacto de xénero con carácter previo ao inicio de calquera actividade municipal e o compromiso de realizar proxectos coeducativos, o compromiso de introducir a perspectiva de xénero na política de contratación e de subvencións do Concello e a creación dunha comisión de seguimento da ordenanza.

Continúa a presidenta e o secretario explicando o procedemento de elaboración e aprobación da ordenanza.

Comunican tamén que a Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana presentou varias achegas ao borrador da ordenanza.

O secretario explica que o Consello será informado constantemente do estado de tramitación da ordenanza.

Avia Veira solicita que cando se informe sobre as achegas que se fan ao texto, se informe sobre a súa autoría tamén.

O secretario contesta que toma nota da suxestión e que así se fará.

Unha vez rematada a orde do día, ábrese un período de preguntas e suxestións.

A representante de Comisións Obreiras solicita un prazo para revisión do texto da ordenanza. Rocío Fraga atende a solicitude, pero pide que o período sexa breve. Indica que o espírito desta primeira ordenanza é absolutamente de consenso. É un documento xurídico básico coa intención de abrir un marco novo.

Neste mesmo sentido, a representante da Asociación de Empresarias tamén comunica que nestes días as asociacións feministas non puideron prestar demasiada atención ao texto por estar inmersas nas actividades do 8 de marzo.

O representante da Federación de Asociacións Veciñais indica que o texto menciona pero pasa moi por riba en temas de discriminación por diversidade funcional, ou por procedencia étnica, racial ou cultural e pregunta que grado de implicación vai ter o Consello neste eido. Rocío Fraga contesta que se inclúe e que a intersección de todos estes vectores que nos discriminan van ser tidos en conta. E de aí a dobre posibilidade de participar para entidades, por unha banda segundo o artigo 7 das normas e, por outra, segundo o artigo 8 para o que este Consello xa aprobou na sesión de hoxe abrirse á súa participación. O resultado será unha perspectiva máis interseccional do concepto de discriminación. O secretario explica que a Concellaría está aberta a recibir propostas para que entidades e persoas de especial relevancia sexan convidadas a participar no Consello. Contactarase tanto coas entidades que a cotío traballan coa Concellaría coas que sexan propostas por vogalías que xa forman parte do Consello de Igualdade.

En canto á periodicidade de reunións do Consello. o secretario informa que está prevista cando menos unha reunión anual, pero que tamén as normas de funcionamento prevén o traballo do Consello en comisións, polo que non hai que esperar a esta convocatoria anual do pleno para o traballo do Consello. Informa tamén o secretario que a seguinte sesión do Consello xa será de traballo, de organización propia do Consello e de empezar coas tarefas. Rocío Fraga indica que o Consello convocará as sesións de traballo pero tamén espera que as entidades demanden estas sesións para que o Consello realmente funcione e estea vivo.

A representante de Les Coruña solicita unha listaxe das entidades presentes. O secretario comprométese a enviala por correo electrónico. Indica tamén que as entidades presentes figurarán na acta que tamén será pública. Rocío Fraga indica que tamén se abrirá un espazo web concreto dentro da páxina da Concellaría donde se colgará toda a documentación xerada polo Consello.

O representante da Federación de Asociacións Veciñais pregunta se este Consello é unha continuidade ao pacto contra as violencias machistas. Rocío Fraga comunica que se está a licitar o contrato para implementar deste pacto, a segunda fase, que é a que realmente está vinculada coa ordenanza de igualdade, ao tratarse dun ámbito tamén de participación, neste caso máis informal. O Consello, o pacto social, a instrucción de transversalidade e o plan de igualdade están todos vinculados. Por suposto, varios destes proxectos están suxeitos á vontade política de mantelos pero outros xa quedarán máis fixos.

En non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 12 horas e 34 minutos, dase por finalizado o acto e extendo a presente acta. Eu, o secretario, dou fe do seu contido.

Santiago Vázquez Calvete

V. e pr.

A presidenta do Consello Municipal de Igualdade

Rocío Fraga Sáenz